

■ Morre Garceiras, mestre da gaita tradicional

O Luns 13 de Decembro falecia en Melide Gabriel Mato Varela "Garceiras", gaitero e fundador do grupo do mesmo nome. Intérprete e construtor de gaitas, "Garceiras" foi nomeado gaitero maior do Reino hai vintecinco anos e mantivo o seu grupo durante máis de trinta anos. Era cofundador da *Asociación de Gaiteros de Galiza* e promotor da de Melide. Como Ricardo Portela, estaba considera un dos últimos mestres da gaita. Foi soterrado na parroquia de Sta. Maria dos Anxos, en Melide. ♦

■ Enma Pedreira presenta libro e gaña o Eusebio Lorenzo Baleirón

O mesmo día que presentaba, en Bueu, a edición de *Diario baunismal dunha anarquista morta* —co que gañara a pasada edición do *Xohan Carballeira*— Enma Pedreira recibía a noticia de que obtiña outro premio de poesía, o "Eusebio Lorenzo Baleirón", que convoca o concello de Dodro. *Grimorio* é o título do poemario no que inclúe moitas vivencias persoais e no que remite ás mulleres menciñeiras. O xúri que premiou a obra desta xove, que ten vinte e un anos e estuda na Universidade da Coruña, estaba formado por Antón Lopo, Xosé Fernando Vila, Iolanda Castaño, Helena Villar e Estevo Creus. ♦

■ Xornadas sobre a literatura durante a Guerra do 36

Rematan o Xoves 16 as tres xornadas adicadas ao estudo e

debate da literatura galega escrita durante a Guerra civil, organizadas polo Consello da Cultura e dirixidas por Xesus Alonso Montero. Escritores marcados polo golpe como Isaac Díaz Pardo, Raimundo García Domínguez "Borobó" ou Pura Vázquez, e especialistas como Xosé M^a Dobarro, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Pilar García Negro e Carlos Casares, entre outros, participaron no debate. Para o Xoves está prevista unha sesión sobre escritores galegos en Madrid. A conferencia de clausura corre a cargo de Claudio Rodríguez Fer. ♦

■ Viveiro e Mondoñedo acollen os Encontros sobre o Reino de Galiza

En dous días, o 18 e o 19 de Decembro, desenvólvense os V Encontros Lúdico-Culturais sobre o Reino de Galiza, que levan a cabo os rapaces de *Galiza Nova* e que se celebran anualmente na comarca da Mariña coincidindo co aniversario da execución do mariscal Pardo de Cela no século XV. Co ánimo de facer coñecedora á mocidade da Historia nacional, o Sábado parte de Compostela un autobús que fai a primeira parada en Cervo, no



Marica Campo e Lois Diéguez participan nos Encontros sobre o Reino de Galiza.

■ Os monicreques de Kukas renúncia á subvención do IGAEM

A discriminación par co teatro de títeres e marionetas é a razón que dá a compañía de *Os monicreques de Kukas* para rexeitar a axuda de 1.700.000 pesetas que lle ven de outorgar o IGAEM na convocatória 1999-2000. Sinalan na compañía que a produción de *O cantar da Cantariza*, que presentaban á convocatória, obtivo unha puntuación que a sitúa entre as cinco primeiras das vinte e sete compañías presentadas, tanto de ac-

tor como de títeres e, sen embargo, é das que menos cartos recibe. A compañía de monicreques de Compostela, que este ano cumpre o seu vinte aniversario, sinala o "agravio comparativo" que supón que os dous grupos de títeres e marionetas que máis cartos reciben non cheguen á mínima adjudicación das compañías de teatro de actor, que superan os dous millóns de pesetas. "Os custes salariais, fiscais e de infraestrutura son os

mesmos para actores e titiriteiros", din, para engadir que "unha vez máis o teatro de títeres e marionetas é tratado como unha arte de segunda orde, a pesares de que artistas de renome internacional como Valle Inclán, García Lorca, Rafael Dieste, Blanco Amor, Alberti, George Sand, Alfred Jarry, etc, tiveron a ben non só escribir textos para marionetas, senón exercer como titiriteiros amadores ou profesionais". ♦

complexo de Sargadelos. Ás oito do serán ten lugar unha homenaxe ao último alcalde republicano de Viveiro, coa parti-

cipación de Marica Campo e Lois Diéguez. Nesta vila, seguidamente, celébrase unha mesa redonda co título "A Galiza no



tempo de Pardo de Cela", coa participación de Bieito Lobeira, deputado do BNG; André Pena, historiador, e Xerardo Pardo de Vera, cronista. Na noite, festa musical con grupos da comarca. Ao día seguinte, haberá un roteiro histórico-artístico pola zona dando remate aos encontros unha homenaxe, en Mondoñedo, a Pardo de Cela coas intervencións de Emilio López, deputado nacionalista, e Martiño Santos, secretario de Galiza Nova. Para quen queira inscribirse, está dispoñible o teléfono 981 553 526. ♦

■ O Pedrón de Ouro reconece ao escritor Xosé Luís Álvarez

Na vixesimoquinta edición do certame de narración curta "Mondosto Figueiredo", que convoca a *Fundación Pedrón de Ouro*, resultado gañadora a obra *Tempo de faios*, do escritor de Nigrán Xosé Luís Álvarez. A narración ten como protagonista a un personaxe marcado polos traumas da infancia. Houbo tamén accesos para Antón Rodríguez López, con *Delirio*, e para Manuel Pereira, con *Sobremesa*. Todos os premios serán publicados e, ademais, no caso do primeiro, recibe cen mil pesetas, e os outros dous, cuarenta mil. ♦

■ Os ciber, escenario da campaña de normalización de Galiza Nova

Galiza Nova pon en marcha, nos vindeiros meses, unha campaña de normalización lingüística entre a mocidade xa que a organización xuvenil do BNG considera que "pésae a ser o sector máis receptivo cara á lingua nacional, segue sendo o máis desgalleguizado". A campaña ten un tronco común e actividades específicas dependendo dos lugares nos que se leve a cabo. En calquer caso, os *ciber*, lugares de movida, as equipas deportivas ou as autoescolas serán obxectivos desta campaña na que se repartira material como autocolantes, cartaces e trípticos. Tamén se informa aos mozos e mozas da reforma lexislativa sobre a galeguización de nomes e apelidos. En Compostela, *Galiza Nova* conta coa colaboración da Área de Normalización Lingüística do concello, e incidirá especialmente nos *ciber*, xa que hai cuarenta na cidade, distribuíndo vocabulario informático en galego, coas correspondencias en inglés e castelán. Como colofón, farase unha convocatória para acudir aos xulgados e ao rexistro compostelán para levar a cabo un maratón de galeguización de nomes e apelidos. ♦

Artistas e escritores únense no tributo a Novoneira

O Sábado 18 celébrase en Compostela a homenaxe posposta desde Outubro

As doce da mañá do día 18 dá comezo no Teatro Principal de Compostela a homenaxe que a Uxío Novoneira lle tributan a Asociación Cultural "O Galo", a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Asociación de Escritores en Língua Galega. Os actos son "o recoñecemento da sociedade galega ao valor do traballo de toda unha vida para avanzar na identidade colectiva do país", segundo os organizadores. Para esta homenaxe, cóntase co mesmo programa que para o previsto o día 30 de Outubro, data na que Novoneira finaba en Compostela. Incluso, máis figuras sumaranse ao recoñecemento póstumo ao poeta do Courel.

No apartado musical, a presen-

cia de Maite Dono e Susana Seivane, que non podían acudir en Outubro, completa unha nómina formada por Pilocho, Antón Seoane, Emilio Cao e Mercedes Peón. A Banda de Música Municipal de Compostela —onde estaba previsto nomear unha rua co poeta do Courel— tamén participa na homenaxe do Teatro Principal, poñendo o fondo ao diaporama elaborado pola AS-PG. O Teatro Cachi-rulo dá paso a un recital poético con cinco escritores da xeración de Novoneira: Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, M^a Xosé Queizán e Salvador García Bodaño. Antes de pechar o acto, Flor Maceiras, Lino Braxe e Miguel Pemas recitarán poemas do escritor finado.

A Elva Rei, a súa viuva, farselle entrega da carpeta con máis de cento cuarenta colaboracións de escritores, pintores e fotógrafos que se encaregou con motivo da homenaxe de Outubro. O que, en principio, a organización presumía como un caderno, veuse desbordado polas aportacións chegadas de todo o país. Nesa carpeta inclúense as impresións de Menchu Lamas, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Marica Campos, Lois Diéguez, Xosé Lois O Carrabouzo, Francisco Rodríguez, Roberto Vidal Bolaño, Acisclo Manzano, Pilar García Negro, Xurxo Lobato, Francisco Fernández del Riego, Xosé Chao Rego e Agustín García Calvo, entre outros. ♦

